



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en aloxamentos turísticos INE
Abril 2025



Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de abril de 2025**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, turismo rural e albergues- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2024 e anteriores.

O INE estima que neste mes de abril abriron de media en Galicia uns 4.500 establecementos de aloxamento turístico que ofertaron 102 mil prazas –cifra que descende nun 2,6% en relación ao dato do pasado ano-.

Apréciase neste sentido un comportamento variable a nivel das tipoloxías. En particular a oferta descende en tres delas –nun 2% nos hoteles, nun 10% en turismo rural e nun 20% nos albergues-, mantense estable nas pensións e increméntase, en cambio, nos cámpings –nun 2%- e nos apartamentos turísticos –nun 13% neste caso-.

ABRIL 2025

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos turísticos (INE)

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. 25/24	Nº	Var. 25/24	Nº	Var. 25/24	%	Var. 25/24
HOTEIS	326.459	5,2%	593.199	9,4%	1,82	4,1%	42,91%	4,30
PENSIÓNS	112.164	21,4%	153.241	15,8%	1,37	-4,7%	32,40%	4,40
ESTAB. HOTELEIROS	438.624	8,9%	746.441	10,7%	1,70	-5,6%	40,22%	4,29
APTOS. TURÍSTICOS	27.676	98,8%	65.248	87,6%	2,36	-5,7%	24,30%	9,68
CÁMPINGS	9.648	23,2%	17.086	26,0%	1,77	2,3%	11,40%	0,13
TURISMO RURAL	16.066	10,3%	26.260	31,1%	1,63	18,9%	18,70%	5,88
ALBERGUES	126.607	63,4%	136.611	65,8%	1,08	1,5%	42,67%	22,09
ESTAB. EXTRAHOTEL.	179.997	58,1%	245.205	62,6%	1,36	2,8%	-	-
TOTAL	618.621	19,8%	991.646	20,2%	1,60	0,4%	-	-


- A conxuntura no aloxamento colectivo de Galicia correspondente ao mes de abril está condicionada en boa medida polo efecto do calendario coa celebración da Semana Santa en meses diferentes en 2024 –coincidiu en marzo- e agora en 2025 –celebrouse en abril-. Así pois, os resultados teñen un nesgo provocado polo calendario, que nesta ocasión inflúe en sentido positivo.
- O segmento do aloxamento turístico de Galicia –hoteles, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues- presenta agora en abril un comportamento positivo. En particular, increméntase o volume de noites -



nun 20% en relación ao pasado ano- como consecuencia dun crecemento da cifra de viaxeiros aloxados -tamén do 20%- nun contexto de estabilidade da estadía media.

- Neste contexto Galicia supera as 991 mil pernoctacións no conxunto do aloxamento colectivo no mes de abril, a segunda cifra máis alta da serie histórica -só superada polo dato de abril de 2023 cando se superara o millón de noites. Neste punto cabe ter en conta, en todo caso, que as comparacións anteriores a 2021 non son de todo exactas pois estes datos inclúen tamén, desde ese ano, as cifras dos albergues -que supoñen un incremento adicional de 137 mil noites-. En ausencia de albergues a evolución sería similar, rexistrando a nosa comunidade tamén neste caso o segundo nivel máis elevado da serie.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos turísticos (INE). Abril 2016-25




- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2020 -co peche total da actividade turística- e 2021 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia -o primeiro estado de alarma declarouse en marzo de 2020-. Rexistrárase unha perda total, do 100%, no número de viaxeiros e noites - polo confinamento domiciliario e as restricións nas viaxes e desprazamentos polo territorio nacional-, circunstancia que se recupera levemente en 2021 e totalmente en 2022 e anos posteriores -superando o nivel de demanda previo á crise-. En 2023 acádase o máximo da serie histórica con máis dun millón de noites, previa á caída de 2024 e novo incremento agora en 2025.
- Neste mes Galicia colócase como o oitavo destino máis importante do Estado - mellora o posto dos últimos dous meses recuperando a posición que tiña no último trimestre do pasado ano-, absorbendo o 2,5% do total estatal -por. Canarias é o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística con preto de 8,0 millóns de pernoctacións -o 20% do total-. Lidera novamente neste mes o ranking estatal, igual que nos últimos seis, substituindo a Baleares -destino de maior volume na temporada media- e Cataluña -destino de maior peso no verán-.



- Logo de Canarias sitúanse a continuación Cataluña –con pouco máis de 7,0 millóns de noites-, Andalucía –con máis de 6,6 millóns de pernoctacións-, a C. Valenciana –con máis de 4,4 millóns de noites-, Baleares –con pouco máis de 4,1 millóns- e Madrid –con preto de 3,0 millóns de noites neste caso-. Estas seis comunidades agrupan neste mes ao 83% do total da demanda turística colectiva do conxunto de España. Nun segundo grupo sitúase Castela e León –con case 1,2 millóns de noites- por diante de Galicia e dos restantes destinos do Estado.
- Obsérvase neste mes un comportamento parello da demanda a nivel das comunidades autónomas. Así, todas superan os niveis de demanda de abril do pasado ano, con maior intensidade A Ríoxa –rexistra un incremento 43%- por diante dun grupo de comunidades localizadas no norte peninsular e que presentan subas iguais ou superiores ao 20% interanual. É o caso de Asturias, Aragón, Cantabria e Galicia. No lado contrario os crecementos máis moderados localízanse en dous destinos de notable peso –Andalucía e Canarias-, con subas do contorno do 5% interanual.
- Galicia sitúase, por tanto, no grupo de comunidades de mellor comportamento en termos relativos, cunha variación parella en intensidade á de Castela A Mancha.
- A nivel de España o nivel de demanda sobe tamén, nun 10,3% en termos globais. En consecuencia, o comportamento de Galicia mellora en dez puntos a media do conxunto do Estado.
- A perspectiva en termos de peso amosa variacións de diversa índole pero de baixa intensidade. Boa parte das comunidades autónomas presentan variacións inferiores ao medio punto porcentual respecto do peso que tiñan en abril do pasado ano, concluíndo con isto que o reparto territorial da demanda mantense relativamente estable. Marcan a excepción dunha banda Cataluña –que presenta maior variación pois gaña un punto de peso- e, doutra banda, Andalucía e Canarias –que perden preto dun punto de representatividade neste caso-. Tal circunstancia cambia respecto do observado nos últimos tres meses nos que Canarias reforzaba o seu peso no conxunto do Estado-.
- O comportamento da demanda permite tamén a todos os destinos situarse por encima das cifras previas á pandemia –con maior distancia o País Vasco e Baleares pois superan en máis dun 20% os valores de hai cinco anos-. Marca a excepción Asturias que neste mes mantense nos mesmos niveis de abril de 2019.
- Neste mes de abril o 75% da demanda nos aloxamentos turísticos corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 60%- coma ás pensións –co 15% neste caso-. O 25% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –segmento que absorbe o 6,6% da demanda total-, aos cámpings –co 1,7%-, aos establecementos de turismo rural –co 2,6%- e aos albergues –segmento de maior peso que representa o 13,8% neste caso-.
- Esta estrutura cambia levemente en comparación coa observada no primeiro trimestre e encaixa en parte cun período de temporada media, cun peso aínda

importante do segmento hoteleiro fronte ao non hoteleiro -no que adquiren xa certo protagonismo os albergues-.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento turístico. Abril 2025




- Obsérvase neste mes un comportamento parello da demanda a nivel das diferentes tipoloxías de aloxamento. Así, increméntase o volume de noites en todas elas, con intensidade variable e superior no ámbito non hoteleiro. As subas máis destacadas localízanse nos apartamentos turísticos -superan en máis dun 85% o número de noites do pasado ano- e nos albergues -cunha suba do 66% neste caso-. Destacan tamén os crecementos experimentados polo segmento de turismo rural -do 31%- e cámpings -do 26%- fronte ás subas máis moderadas rexistradas no ámbito hoteleiro -do 16% nas pensións e do 9% nos hoteis-.
- Neste contexto cabe sinalar o bo comportamento observado nos albergues pois ademais de rexistrar un dos incrementos de maior intensidade volve á tendencia de crecementos consecutivos que viña rexistrando de novembro do pasado ano ata febreiro de 2025. Só en marzo rexistrou unha caída puntual do 57%.
- Esta dinámica mantén os niveis de demanda de catro tipoloxías por encima dos valores anteriores á pandemia -con maior distancia os apartamentos turísticos e en valores máis próximos os hoteis-. Marcan a excepción os aloxamentos de turismo rural -fican unha vez máis por debaixo dos valores anteriores á crise, con porcentaxes de recuperación do contorno do 70% neste caso-.
- O bo comportamento da demanda nos hoteis vén como consecuencia do crecemento rexistrado en todas as categorías agás no caso daqueles dunha estrela -que presentan un descenso do 4% interanual-. As subas máis notables localízanse nos hoteis de dúas estrelas pois superan nun 16% o número de noites de 2024.
- Nas pensións o comportamento é homoxéneo, con incremento do número de noites do 24% para aquelas de tres e dúas estrelas, e do 4% para as pensións dunha



estrela. Contrasta este comportamento co observado nos primeiros tres meses deste ano.

- A variación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes, en termos absolutos, nunha diferenza positiva de 166 mil pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato que na súa maior parte provén do ámbito hoteleiro -supón o 43% da variación global- e dos albergues -o 33% neste caso-.

Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. turísticos. Abril 2025/24, por tipoloxías




- O comportamento da demanda varía nas diferentes tipoloxías de aloxamento e nas diferentes comunidades autónomas. Unha parte dos destinos -cinco en particular- conseguen homoxeneidade completa nas variacións da demanda no sentido de que presentan crecemento do número de noites en todas as modalidades de aloxamento. Marcan a excepción as restantes comunidades, que rexistran neste caso, e de forma puntual, un comportamento negativo nalgunha tipoloxía concreta.
- Con carácter xeral apréciase mellor comportamento no ámbito hoteleiro -neste segmento todas as comunidades autónomas amosan resultados positivos- fronte ás tipoloxías extrahoteleiras. Navarra e Aragón son os destinos de maior crecemento da demanda neste ámbito. Canarias, en cambio, presenta a suba máis moderada.
- Nas restantes modalidades é maioría o número de destinos que presentan crecemento da demanda. Así catorce destinos sitúanse por encima dos niveis de demanda de 2024 nos apartamentos turísticos, con Asturias e A Ríoxa á cabeza en intensidade. Tamén catorce destinos amosan crecemento da demanda no ámbito dos cámpings, sendo novamente Asturias a comunidade coa taxa de maior intensidade.



- No segmento de turismo rural a dinámica positiva é tamén xenérica pois todos os destinos agás Canarias superan os niveis de demanda do pasado ano -con maior intensidade novamente Asturias, cun incremento medio por encima do 80%-.
- Presenta un comportamento máis dispar a nivel territorial o segmento dos albergues pois neste caso só seis comunidades presentan resultados positivos -con maior intensidade en Aragón e A Rioxa-, unha mantense en niveis parellos mentres que cinco amosan caídas de diversa intensidade. Por ausencia de datos non se poden estimar variacións interanuais para cinco comunidades autónomas.
- Galicia colócase neste caso en posicións variables, con mellor comportamento relativo no segmento dos apartamentos turísticos e albergues -rexistra a terceira porcentaxe de crecemento máis alta de todas as comunidades- e peor dinámica no ámbito dos cámpings -coa novena posición neste caso-.
- En termos de volume Galicia ocupa posicións variables nas diferentes modalidades de aloxamento. Lidera o ranking estatal no segmento dos albergues -é a comunidade con maior volume de noites nesta tipoloxía- mais cae á oitava posición no ámbito hoteleiro e á novena nos apartamentos turísticos, e sitúase en lugares inferiores nos dous restantes segmentos -con peor posición no ámbito dos cámpings pois é a comunidade con menor volume de noites-.
- Neste mes, o 65% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, que engloba ao interno -dos residentes en Galicia, segmento que supón o 21% do total- e ao que procede das restantes comunidades autónomas -mercado receptor nacional, que representa o 44%-. O mercado internacional absorbe a porcentaxe restante, o 35% do total da demanda neste caso -porcentaxe superior á dos últimos meses, e superior tamén por vez primeira neste ano á do mercado interno-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto do aloxamento colectivo. Abril 2025




- Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e cambian levemente en relación ao observado desde o lado dos viaxeiros aloxados. Neste caso o peso do



mercado nacional sitúase no 59% -cun 19% para o interno e 40% para o que procede do resto do Estado-, ficando o 41% para o estranxeiro.

- A nivel de mercados obsérvase un comportamento tamén parello neste mes. Así en abril increméntase o turismo de ámbito nacional -nun 14% o interno e nun 32% o que procede do resto do Estado- e tamén o internacional -nun 12% neste caso-. Todas as porcentaxes están referidas ás pernoctacións e proveñen de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados, con cambios pouco significativos da estadía media.
- O maior crecemento en termos relativos do segmento receptor nacional asóciase en boa medida á celebración da Semana Santa, período vacacional que ten unha forte presenza deste mercado na nosa comunidade
- Esta dinámica leva, desde unha perspectiva de longo prazo, a situacións diferentes en función do mercado de orixe. O mercado interno mantense por encima das 200 mil noites pero fica por debaixo do nivel que tiña en 2017 e 2019 -antes da pandemia- e tamén de 2022 e 2023. O turismo receptor fica, en cambio, por encima dos valores anteriores á crise, con 436 mil noites aquel de orixe nacional -a segunda cifra máis elevada da serie histórica- e con 350 mil pernoctacións o internacional -máximo da serie histórica do mes de abril-.
- A diferenza de intensidade na variación da demanda leva a cambios na estrutura da mesma. Neste sentido, ao presentar o incremento de maior calado o mercado receptor nacional gaña peso en relación ao pasado ano -en case catro puntos porcentuais- e, sen embargo, perden cuota de mercado o turismo interno e o internacional -en pouco máis dun punto o primeiro e en case tres puntos o segundo, rexistrando o dos residentes en Galicia mínimo histórico de peso neste mes de abril co 21% do total da demanda. O mercado receptor, tanto nacional como internacional, acada unha das cuotas máis elevadas dos últimos anos.


Fig. 5. Distribución da demanda por procedencia e tipo do aloxamento. Abril 2025





- O turismo de ámbito nacional é maioritario en todas as tipoloxías consideradas, en porcentaxes que van do 53% nos albergues a preto do 70% nos cámpings e segmento de turismo rural. Acontece isto por vez primeira neste ano pois no primeiro trimestre, igual que no primeiro semestre e de setembro a novembro do pasado ano 2024, marcaban a excepción os albergues cun maior peso do turismo internacional fronte ao nacional.
- O maior peso do turismo de ámbito nacional no segmento hoteleiro concéntrase no mercado receptor, isto é, nos españois que proceden doutras comunidades autónomas -supoñen o 44% do total-. Similar circunstancia acontece, por vez primeira nos últimos meses, nos apartamentos turísticos -onde este mercado representa o 39%- , no ámbito de turismo rural -supón o 40%- e nos albergues -co 48% do total-. Nos cámpings o segmento maioritario é o interno, dos residentes en Galicia -representa o 41% do total da demanda-. Os albergues, a pesar de ter un peso importante do mercado receptor nacional, teñen tamén unha notable presenza do turismo internacional -supoñen o 47% do total das noites-. É a tipoloxía con maior peso do mercado estranxeiro.
- Os tres grandes segmentos de mercado presentan un comportamento positivo nas diferentes tipoloxías, con variacións de diversa intensidade. Marca a excepción o turismo internacional, que rexistra descensos puntuais nos cámpings -do 8%- e no segmento de turismo rural -do 10% neste caso-.

Fig. 6. Var. Noites por procedencia e tipo do aloxamento. Abril 2025/24




- Os incrementos de maior intensidade están protagonizados polo mercado receptor nacional, que dobra o volume de noites do pasado ano en tres modalidades: os apartamentos turísticos, os aloxamentos de turismo rural e os albergues. No lado



contrario os crecementos máis moderados localízanse no ámbito hoteleiro, con subas do contorno do 6% por parte do interno e internacional.

- Así pois, en tres modalidades de aloxamento -ámbito hoteleiro, apartamentos turísticos e albergues neste caso- a dinámica dos tres segmentos de mercado é homoxénea, con crecementos de diversa intensidade en relación ao pasado ano. Nas restantes dúas modalidades obsérvanse dinámicas positivas do turismo nacional e negativas do internacional.
- Con esta dinámica a estrutura dos mercados cambia en cada tipoloxía de aloxamento. Así o turismo interno gaña peso claramente nos cámpings, mantense estable no segmento hoteleiro, turismo rural e albergues, e perde nos apartamentos turísticos. O receptor nacional gaña peso en todas as tipoloxías de aloxamento -por presentar mellor comportamento en termos relativos-, con maior notoriedade no ámbito de turismo rural e albergues. O internacional, en cambio, perde peso en todas as tipoloxías agás nos apartamentos turísticos onde se mantén estable.
- A estadía media global sitúase en 1,6 noites, cifra que se mantén estable en relación ao pasado ano mais descende un 10% en comparación co nivel previo á pandemia -circunstancia que en parte débese á presenza dos albergues no cómputo global, tipoloxía que presenta a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento, tirando cara abaixo o dato global-.

Fig. 7. Estadía media nos establecementos turísticos. Abril 2025




- Con esta dinámica a estadía media do mes de abril mantense en mínimos da serie histórica -antes da pandemia oscilaba habitualmente no contorno de 1,9 noites-.
- Os apartamentos turísticos rexistran neste mes a cifra máis alta do conxunto da oferta -con 2,4 noites de media-, marcando diferenza coas restantes modalidades que fican por debaixo das dúas noites -con 1,8 noites os hoteis e os cámpings, 1,6



noites os aloxamentos de turismo rural, 1,4 noites as pensións e 1,1 noites os albergues-.

- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar. Incrementábase en catro modalidades -con maior intensidade no segmento de turismo rural, nun 19%- e descende nas dúas restantes -arredor dun 5% nas pensións e apartamentos turísticos-.
- Neste mes, igual que en febreiro e marzo, Galicia sitúase nunha posición baixa no que atinxe ao valor da estadía media -rexistra, en realidade, a cifra máis baixa de todas as comunidades autónomas-. Canarias, con 6,4 noites, marca o valor máis elevado agora en abril -tal como acontece en practicamente todos os meses-. Seguen en orde de importancia Baleares -con 4,6 noites de media- e a C. Valenciana -con 3,5 noites neste caso-.
- En termos dinámicos a estadía media incrementábase en doce comunidades autónomas -lidera este ranking A Rioxa e Asturias coa suba do 10%-; mantense estable en tres e descende nos restantes dous destinos -Cataluña e a C. Valenciana, en proporcións suaves.

Fig. 8. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. turísticos. Abril 2025



- En termos de ocupación obsérvase un comportamento similar ao observado do lado da demanda. Neste sentido mellora o dato do pasado ano en practicamente todas as modalidades, de forma moi destacada nos albergues -que superan en máis de vinte puntos a porcentaxe do pasado ano-.
- Melloran tamén o nivel de ocupación os hoteis e pensións -ambos en algo máis de catro puntos-, os aloxamentos de turismo rural -en case seis puntos- e os apartamentos turísticos -en preto de dez puntos neste caso-.



- Marcan a excepción neste mes os cámpings que nun contexto de crecemento da demanda manteñen estable o nivel de ocupación de abril -como consecuencia dun incremento parello da oferta dispoñible-.
- Os hoteis e os albergues rexistran neste mes a porcentaxe de ocupación máis alta do conxunto da oferta de aloxamento, cun 42,9% de media os primeiros e 42,7% estes últimos. Acontece isto por vez primeira nos últimos meses pois habitualmente son os hoteis os que lideran o ranking en termos de ocupación.
- As restantes modalidades presentan unha cifra variable e inferior, cun 32,4% as pensións, un 24,3% os apartamentos turísticos, un 18,7% os aloxamentos de turismo rural e un 11,4% os cámpings -tipoloxía que marca neste mes a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento-.